

DiariodeFerrol.com

Xente Nova logra o Concurso de Cuartetos do Toxos

redacción ferrol - Actualizado 24 Febrero 2013 - 02:00 h.



un momento das actuacións na sede da entidade folklórica d. alexandre

Xente Nova obtivo onte o II Concurso de Cuartetos Tradicionais organizado polo Real Coro Toxos e Froles na súa sede. A formación ferrolá logra así 1.200 euros e un trofeo, premio co que está dotado o certame. Ademais, a cada cuarteto participante se lle fixo entrega dun diploma de participación.

Xente Nova obtivo onte o II Concurso de Cuartetos Tradicionais organizado polo Real Coro Toxos e Froles na súa sede. A formación ferrolá logra así 1.200 euros e un trofeo, premio co que está dotado o certame. Ademais, a cada cuarteto participante se lle fixo entrega dun diploma de participación.

Un total de catro cuartetos tomaron parte na competición musical e folklórica na seguinte orde de participación, Xente Nova, de Ferrol; Vedoira, de Lugo; Os Picurruchos, de Lugo; e Angazo, de Ourense. Mentras deliberaba o xurado, o grupo de cantareiras "Algarabía", da Asociación de Veciños de Lago, entretivo aos asistentes.

Esta é a segunda proposta cultural e musical que se desenvolve dentro das Xornadas Culturais Abertas posta en marcha polo Toxos e Froles neste ano 2013. Unha iniciativa que terá continuidade nos vindeiros meses. Pola sede do Toxos pasarán o cantareiro e percusionista Davide Salvado, o músico Kepa Junkera ou o grupo castelán “La Musgaña”.

Puede ver esta noticia en www.diariodeferrol.com: <http://www.diariodeferrol.com/articulo/ferrol/xente-nova-logra-o-concurso-de-cuartetos-do-toxos/20130223222824034521.html>

© 2005-2011 Diario digital Diario de Ferrol
Queda prohibida la reproducción total o parcial. Todos los derechos reservados.